

NORMAS DE USO DO PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO (PI) DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DA UDC

(Aprobadas pola Comisión da Biblioteca Universitaria do 17 de novembro 2008)

1. DEFINICIÓN E OBXECTIVO DO PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

- 1.1. O servizo de Préstamo Interbibliotecario permite localizar e obter o préstamo de obras orixinais ou a reprodución de documentos que non se encontran na Biblioteca Universitaria da UDC (BUDC). Ademais subministrales a outras institucións documentos que estean dispoñibles nas nosas coleccións.
- 1.2. Esta normativa asume a finalidade e os obxectivos recollidos por REBIUN (Rede de Bibliotecas Universitarias) no “*Acuerdo entre bibliotecas universitarias y científicas españolas en materia de préstamo interbibliotecario*”.

2. USUARIOS DE PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

- 2.1. Poden utilizar este servizo os membros da comunidade universitaria da UDC e os usuarios autorizados, segundo o punto 2. “*Usuarios do servizo de préstamo*” das Normas de préstamo do Servizo de Biblioteca da UDC (aprobadas pola comisión da Biblioteca Universitaria do 17 de novembro de 2008).
- 2.2. A BUDC, como **subministradora**, proporcionaralles documentos a outras bibliotecas, centros de documentación ou institucións externas que o soliciten.

3. DOCUMENTOS QUE SE PODEN SOLICITAR

- 3.1. A BUDC, como **peticionaria**, pódelles solicitar a outras bibliotecas o préstamo de documentos orixinais ou a reprodución de artigos de revistas, relatorios de congresos, capítulos de libros, informes técnicos etc.
- 3.2. **Non poderá solicitar:**
 - Documentos que se encontren nas bibliotecas da Universidade da Coruña.
 - Obras de fácil adquisición nos circuitos comerciais convencionais xa que este servizo non debe interferir no desenvolvemento das coleccións da BUDC. A BUDC valorará que obras poden de ser obxecto de préstamo ou de compra. Neste último caso, o usuario debe dirixirse á biblioteca do seu centro para tramitar a súa adquisición.
- 3.3. A BUDC, como **subministradora**, proporcionará os documentos dispoñibles no catálogo, agás os fondos recollidos nos puntos 4.2, 4.3 e 4.4 das Normas de préstamo da BUDC (2008). As teses de doutoramento lidas na UDC, segundo o acordo da Comisión de doutoramento (21 de xaneiro de 2008), pódense enviar por PI, aínda que non se lle poderán prestar ao usuario final.

4. COMO SOLICITAR DOCUMENTOS A TRAVÉS DO PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

- 4.1.** Os usuarios que utilicen por primeira vez este servizo teñen que darse de alta cubrindo un formulario electrónico que lles permitirá obter un código e un contrasinal para o seu uso persoal.
- 4.2.** Os usuarios farán as peticións a través do formulario electrónico e deberán cubrir unha solicitude por cada documento, indicando todos os datos bibliográficos necesarios para a identificación da obra.

5. CONDICIÓN DE USO DOS DOCUMENTOS PROCEDENTES DO PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

- 5.1.** Os **documentos orixinais**, se a biblioteca prestataria o autoriza, poderánselle prestar ao usuario final. No caso contrario, consultarase obrigatoriamente na Biblioteca Central, no campus da Coruña ou na Biblioteca do Patín, no campus de Ferrol. Os usuarios comprometeranse a respectar as condicións de uso impostas polos centros subministradores e a preservar a integridade das obras recibidas.
- 5.2.** As **reproducións de documentos** pasarán a ser propiedade do usuario.
- 5.3.** Os documentos solicitados a través deste servizo só se poden utilizar para fins privados, docentes ou de investigación e o usuario é responsable de cumprir o estipulado na lexislación vixente de propiedade intelectual.
- 5.4.** O custo das peticións anuladas polos usuarios, no caso de que non se poida interromper a súa tramitación, correrá a cargo deles.

6. TARIFAS DO PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

- 6.1.** Aínda que o PI é gratuíto para todos os membros da comunidade universitaria, está suxeito aos gastos derivados do correo e ás tarifas estipuladas polos centros subministradores.
- 6.2.** Para os membros da comunidade universitaria o custo deste servizo corre a cargo da partida orzamentaria que ten adxudicada o Servizo de Biblioteca Universitaria para o PI. Os alumnos de grao ou asimilados ao primeiro ciclo terán que ter autorización dalgún profesor.
- 6.3.** Todos os usuarios terán que asumir o **gasto das reproducións íntegras** de documentos que teñan un prezo **superior aos 60 €**. Neste caso, os usuarios poderán pedir información do prezo antes de tramitar a solicitude, sempre que nolo indiquen.
- 6.4.** Os usuarios externos asumirán os gastos derivados do PI.
- 6.5.** A **Biblioteca da UDC, como subministradora aos centros externos**, cobraralles ás bibliotecas españolas as tarifas propostas por REBIUN e ás bibliotecas estranxeiras as que aprobe anualmente o Consello Social, en ambos os dous casos (anexo I)

7. INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA

A perda, deterioración do material ou incumprimento desta normativa será motivo de penalización.